



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA PARA A POSTA EN MARCHA DA INICIATIVA “BONOS SON DA CASA, 2026 PRIMEIRA EDICIÓN”

REUNIDOS

Dunha parte, **D. ALBERTO VARELA PAZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA CON NIF 35461107Y**

E doutra parte **D^a. ROCÍO LOUZÁN BLANCO, DNI 35453018J**, en calidade de presidenta da asociación de comerciantes **CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA, CIF G-36256048**

Recoñecéndose as partes, representación e competencia suficiente para asinar o presente documento.

MANIFESTAN

1. Que a **ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA ABERTA** ten como obxectivo así recoñecido nos seus estatutos, a promoción do comercio de proximidade no termo municipal de Vilagarcía de Arousa actuando principalmente en interese dos seus establecementos asociados.

2. Que o **CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**, no marco da campaña **SON DA CASA**, proxecta poñer en marcha unha nova edición da iniciativa para a primavera de 2026, na procura de continuar a incentivar o consumo nos establecementos, negocios e locais de hostalería de Vilagarcía.

Por todo iso, as partes,



ACORDAN

PRIMEIRA. DEFINIÇÃO DO OBXECTO DA COLABORACIÓN E DA ENTIDADE COLABORADORA.

a) Obxecto da colaboración.

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello de Vilagarcía e a asociación de comerciantes Zona Aberta para o desenvolvemento da presente iniciativa de **BONOS SON DA CASA 2026**.

Mediante a devandita iniciativa, igual que nas anteriores edicións, o Concello de Vilagarcía porá á venda, para a súa adquisición pola cidadanía, **1.875 paquetes de bonos** por valor de **30€ c/u** (10€+10€+5€+5€) dos que **o adquirente aboará 20€** e os outros **10€ correrán a cargo do Concello**.

Para o desenvolvemento da iniciativa **BONOS SON DA CASA 2026**, estímase preciso subscribir un convenio de colaboración entre o **Concello de Vilagarcía** (en calidade de **órgano concedente**), e a Asociación de comerciantes **Zona Aberta** (en calidade de **entidade colaboradora**), nos termos establecidos no artigo 9 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia,

b) Entidade colaboradora.

A asociación de Comerciantes Centro Comercial Aberto Zona Aberta é unha entidade sen fin de lucro implicada na dinamización e pulo á actividade comercial do Concello, que colabora en cantas iniciativas se poñen en marcha dende o mesmo, para a dinamización e fortalecemento da actividade comercial da cidade.

Zona Aberta prestou a súa colaboración nas catro primeiras edicións, asumindo a atención aos comerciantes na xestión do aboamento das cantidades correspondentes a cada establecemento.

SEGUNDA. PLAZO DE DURACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

O prazo de duración do presente convenio estenderase dende o día da aprobación da súa sinatura pola XGL, ata o **31 de xullo de 2026** (data final para presentación da documentación xustificativa por parte de Zona Aberta) .

A venda de bonos levarase a cabo dende o **1 de maio de 2026** ata o **esgotamento dos mesmos**.

O prazo para gastar os bonos, rematará o 31 de maio de 2026 (inclusive).



TERCEIRA. IDENTIFICACIÓN DA NORMATIVA REGULADORA ESPECIAL DAS SUBVENCÍONS QUE VAN SER XESTIONADAS POLA ENTIDADE COLABORADORA.

O presente convenio rexerese polo disposto na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CUARTA. MEDIDAS DE GARANTIA.

A **lei 38/2003 Xeral de subvencións** establece, entre o contido mínimo dos convenios, a especificación das medidas de garantías que sexa preciso constituír a favor do órgano administrativo concedente, medios de constitución e procedemento de cancelación.

O **Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo**, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece no seu artigo 42, relativo ao réxime xeral de garantías que **procederá a constitución de garantía nos supostos en que as bases reguladoras así o imponían e na forma que se determine nas mesmas.**

O **artigo 43 do Regulamento** refírese á prestación garantía **como unha facultade** que debe constar expresamente nas bases, establecendo os supostos nos que **se poderá** exixir garantía.

Tendo en conta o obxecto do presente convenio, as condicións e períodos de entrega dos fondos e condicións de depósito dos mesmos, así como as obrigas asumidas pola entidade colaboradora, **exímese á entidade colaboradora da prestación de garantía**, sen prexuízo da obriga da Asociación de comerciantes de someterse ás actuacións de comprobación e control nos termos establecidos no artigo 13 I, da de subvencións de Galicia, así como do cumprimento das obrigas de xustificación da entrega dos fondos correspondentes aos establecementos.



QUINTA. REQUISITOS QUE DEBE CUMPRIR A ENTIDADE COLABORADORA EN CADA UNHA DAS FASES DO PROCEDEMENTO.

A asociación colaborará co Concello de acordo coas estipulacións establecidas no presente convenio e coas **BASES** que se engaden ao mesmo como **ANEXO I**, nas que establecen os dereitos e compromisos dos establecementos que se adhiran a iniciativa, así como as condicións de uso dos Bonos polas persoas adquirentes.

En cumprimento do disposto no artigo 13.2 da LXS a entidade colaboradora deberá estar ao corrente coas súas obrigas coas distintas Administracións Públicas e a SS.

Igualmente, na súa condición de entidade colaboradora, en cumprimento dos artigos 12 a 16 da LXS, a entidade colaboradora ten a obriga de manter contabilidade separada dos fondos transferidos, así como obriga de custodia documental por período de 5 anos.

a) Nunha primeira fase:

- Difundir a iniciativa, procurando a adhesión á mesma, entre todos os establecementos comerciais, pequenos negocios e locais de hostalería do Concello de Vilagarcía, tanto establecementos asociados como non asociados á entidade Colaboradora.
- Recompilar e dar traslado ao Concello dos datos precisos para a inscrición dos establecementos que solicitan a adhesión á campaña.

b) Ao longo do desenvolvemento da campaña:

- Requirit dos establecementos participantes a entrega da documentación acreditativa das transaccións realizadas mediante uso dos bonos (bonos en formato físico, tickets, facturas e/ou calquera outros documentos acreditativos das transaccións realizadas), conservando a mesma e poñéndoa a disposición do Concello a efectos de comprobación e xustificación.
- Asumir as tarefas e gastos inherentes á venda dos bonos en formato físico
- Xestionar e realizar o aboamento das cantidades que corresponda polo uso dos bonos aos comercios adheridos á iniciativa, mediante transferencia bancaria á conta facilitada por estes a tal efecto.

Salvo circunstancias excepcionais, o aboamento aos establecementos das cantidades que en cada caso lle correspondan, levarase a cabo con periodicidade semanal, previa verificación pola Asociación da documentación acreditativa das vendas por parte dos establecementos.

- Colaborar en todo momento na xestión do proxecto, asumindo a interlocución cos



establecementos adheridos e a xestión de incidencias, en coordinación co servizo de promoción económica como unidade tramitadora do expediente.

c) Na fase final e de xustificación:

- Presentación da documentación xustificativa da colaboración na xestión dos bonos que constará dun informe final e un balance económico das accións antes do **31 de xullo de 2026**.

- Poñer a disposición do Concello de Vilagarcía, para o seu reintegro mediante transferencia bancaria á conta que a tal efecto lle sexa facilitada, os remanentes da compra e de consumo dos bonos que resten na conta bancaria da Asociación utilizada para a xestión dos bonos e/ou na aplicación dixital de adquisición dos bonos, dentro do **mes seguinte** ao remate da campaña.

SEXTA. DETERMINACIÓN DO PERÍODO DE ENTREGA DOS FONDOS Á ENTIDADE COLABORADORA

O Concello de Vilagarcía **aportará 18.750,00 €** con carácter pre-pagable, mediante transferencia á conta bancaria **IBAN ES85 2080 5067 1230 4004 6449** (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta), con cargo á partida orzamentaria **4311-470**.

A transferencia dos fondos levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo da sinatura do convenio polas dúas partes, a unidade tramitadora, previa fiscalización pola intervención municipal, elevará proposta a XGL solicitando o recoñecemento da obriga e a transferencia a Zona Aberta de **11.250,00 €**, equivalentes ao **60%** da cantidade total correspondente ao Concello.

2ª PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita (nos termos indicados na base SÉTIMA), procederase a transferir por parte do Concello, a cantidade de **7.500,00 €**, equivalente ao **40% restante** do total da aportación municipal.



SÉTIMA. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA ENTREGA DOS FONDOS POR PARTE DA ENTIDADE COLABORADORA.

Con carácter previo á transferencia do **2º PAGO do 40%**, a entidade deberá xustificar debidamente a entrega dos fondos que lle foron transferidos polo Concello, aos establecementos que corresponda.

A transferencia deste 40% restante, levarase a cabo unha vez que a entidade colaboradora presente, por rexistro, extracto selado pola entidade bancaria, acreditando o aboamento aos comercios da cantidade de 11.250,00 € inicialmente transferidos polo Concello en concepto de primeiro pago.

Á vista da documentación xustificativa presentada, polo órgano xestor formularase informe, e, no seu caso, proposta de aboamento.

OITAVA. SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO, INCUMPRIMENTO E OBRIGA DE REINTEGRO.

O incumprimento de calquera das obrigas do presente convenio por parte da Asociación, suporá o reintegro total ou parcial dos fondos, sen prexuízo da perda do dereito á percepción de calquera outra axuda ou subvención a que tivera dereito. Para o non previsto no presente documento, así como para a súa interpretación, modificación ou resolución, será de aplicación o disposto na lexislación vixente, en particular, a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

NOVENA. OBRIGA DA ENTIDADE COLABORADORA DE SOMETERSE ÁS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN E CONTROL.

A Asociación de comerciantes deberá someterse ás actuacións de comprobación e control nos termos establecidos no artigo 13 I, da lei de subvencións de Galicia, así como do cumprimento das obrigas de xustificación da entrega dos fondos correspondentes aos establecementos.

Aos efectos establecidos no parágrafo anterior, a Asociación conservará os tickets/facturas ou documentos acreditativos das transaccións correspondentes a cada un dos establecementos ata o remate do prazo de xustificación.

DÉCIMA. CLAUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes comprométense a cumprir en todo momento o disposto na lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, e demais normativa vixente en materia de protección de datos.



DECIMO PRIMEIRA. TRANSPARENCIA E PUBLICIDADE

Ademais da remisión á BDNS e publicación do extracto no BOPPO da Provincia de Pontevedra, o presente convenio será publicado no portal de transparencia do Concello de Vilagarcía de Arousa

DECIMO SEGUNDA. VENDA DE BONOS EN FORMATO FÍSICO.

Para o caso de que se acorde a venda de bonos en formato físico, será de conta e responsabilidade exclusiva da Asociación de comerciantes a asunción dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os conceptos, derivados da contratación dunha persoa que desenvolva dita función, durante as xornadas e horas que se determinen consensuadamente.

DÉCIMO TERCEIRA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE. As cantidades obxecto de axudas para a o fomento do consumo local, obxecto do presente convenio son compatibles con calquera outras subvencións ou axudas para o mesmo fin.

DECIMO CUARTA. ADDENDAS E MODIFICACIÓNS AO CONVENIO

A finalidade da iniciativa BONOS SON DA CASA é a promoción do consumo no comercio e hostalaría de Vilagarcía de Arousa.

É intención do Concello dar un paso mais na súa aplicación, estendendo a iniciativa BONOS SON DA CASA e o marco de colaboración con ZONA ABERTA establecido no presente convenio, a concursos e premios que ao longo do ano sexan a través de diferentes concellerías, de xeito que as cantidades outorgadas aos participantes, adopten o formato BONO SON DA CASA, para ser consumidos nos establecementos comerciais adheridos á iniciativa.

A tal efecto, o presente convenio poderá ser obxecto da adición dos anexos e/ou addendas que no seu caso requira cada unha das convocatorias para as que, no futuro poida ser aplicado.

En proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio, en Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital.

